

FORMACIÓN PROGRAMADA POLAS EMPRESAS

QUE É A FORMACIÓN PROGRAMADA POLAS EMPRESAS E CALES SON AS SÚAS CARACTERÍSTICAS?

A formación programada polas empresas é a **formación de demanda** que responde ás necesidades específicas das empresas e das súas persoas traballadoras. Trátase dun modelo de **formación continua** que presenta as seguintes características:

- A empresa pode realizar a formación cando a precisa e segundo as súas necesidades formativas específicas. É unha **formación flexible e adaptable**.
- A empresa organiza a súa formación: contidos, obxectivos, metodoloxía, etc... contando coas Entidades Externas especializadas para a súa xestión e impartición, como é o caso de **Tagen Ata**. Trátase dunha **formación á carta**.
- Finánciase co sistema de bonificacións de cotas á Seguridade Social. A efectos de bonificación a formación é totalmente **gratuíta**.
- Xestionase a través da **aplicación telemática** específica da Fundación Estatal para a Formación no Emprego (FEFE).

QUÉ PERSOAS TRABALLADORAS SE PODEN BENEFICIAR DAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN PROGRAMADA POLAS EMPRESAS?

Persoas asalariadas que presten os seus servizos en empresas privadas ou en entidades públicas non incluídas no ámbito de aplicación dos acordos de formación nas Administracións Públicas. Ademais destas tamén se poden beneficiar:

- Traballadoras/es fixas/os discontinuas/os en períodos de non ocupación.
- Traballadoras/es que acceden ao desemprego no período formativo.
- Traballadoras/es afectadas/os por medidas temporais de suspensión de contrato.

Está demostrado que unha formación de calidade facilita a readaptación e **reciclaxe** dos seus traballadores e traballadoras, mellora a súa **cualificación** e incrementa a súa **produtividade** o que supón un **beneficio** directo para a súa empresa.

QUE REQUISITOS DEBEN CUMPRIR AS EMPRESAS?

As empresas que desexen beneficiarse do sistema de bonificacións deben cumprir cos seguintes requisitos:

- Ter dada de alta á persoa traballadora no **Réxime Xeral**, e cotizar pola continxencia de **Formación Profesional**, no comezo do curso.
- Identificar en conta separada ou **epígrafe específico da contabilidade** o gasto do curso.
- Atoparse **ao corrente no cumprimento das obrigas** tributarias e coa Seguridade Social.

QUE É O CRÉDITO DE BONIFICACIÓN?

Todas as empresas teñen asignado un **crédito anual** para a formación das súas persoas traballadoras. Se a súa empresa necesita formación que se axuste ás súas necesidades específicas, pode financiarla mediante o **sistema de bonificacións**. Para isto, dispón dun crédito a través de bonificacións nas súas cotizacións á Seguridade Social.

A formación a desenvolver debe gardar relación coa actividade realizada pola empresa e estar dirixida a adquisición e mellora de competencias que melloren o desempeño profesional.

CAL É O SEU CRÉDITO DE BONIFICACIÓN?

O Crédito anual de Formación do que disporá a empresa resulta de aplicar unha porcentaxe á cantidade ingresada á **Seguridade Social** o ano anterior en concepto de **Formación Profesional**.

As empresas de 1 a 5 traballadores/as teñen recoñecido un crédito mínimo de 420 €. Ás demais empresas, dependendo do seu persoal medio, adxudícaselles unha porcentaxe de bonificación sobre a súa cota de formación profesional, tal e como se indica na táboa.

MEDIA DE PERSOAL DO ANO ANTERIOR	% BONIFICACIÓN
De 1 a 5 traballadores/as	420 €/ano
De 6 a 9 traballadores/as	100 % do crédito obtido
De 10 a 49 traballadores/as	75 % do crédito obtido
De 50 a 249 traballadores/as	60 % do crédito obtido
250 ou máis traballadores/as	50 % do crédito obtido

Vostede mesmo pode calcular o seu crédito de formación a través dun simulador de crédito ou tamén encargarlle facelo a unha Entidade Externa especializada como é **Tagen Ata**.

O crédito dispoñible deberá ser esgotado no ano natural para o que foi asignado non podendo acumularse para outros anos. O crédito non esgotado pérdese.

CANTO TEN QUE APORTAR A SÚA EMPRESA PARA PAGAR AS ACCIÓNS DE FORMACIÓN DESENVOLTAS?

As empresas, en función do tamaño da súa plantilla, teñen que facer unha aportación privada ao pago das accións formativas, segundo unhas porcentaxes mínimas. O **cofinanciamento Privado** cáculase aplicando a porcentaxe esixida sobre o total dos Custos de Formación.

A esixencia de cofinanciamento privado non implica necesariamente un custo monetario para a empresa xa que as **horas laborais** dedicadas polos traballadores e traballadoras á formación teñen a consideración de cofinanciamento privado por parte da empresa. Neste sentido, abondaría coa presentación dun documento no que se explicita que os/as empregados/as recibiron determinadas horas de formación en xornada laboral e o custo das mesmas, para xustificar esta aportación privada.

PLANTILLA DA EMPRESA	COFINANCIAMENTO PRIVADO
De 1 a 9 traballadores/as	5 %
De 10 a 49 traballadores/as	10 %
De 50 a 249 traballadores/as	20 %
250 ou máis traballadores/as	40 %

COMO FUNCIONA A BONIFICACIÓN? UN EXEMPLO PRÁCTICO

Partindo da cantidade de crédito que a súa empresa teña dispoñible vostede pode elixir un curso dos que aparecen no noso catálogo. Unha vez elixido o curso, o alumnado é dado de alta no mesmo e poderá desenvolverlo nas datas programadas. A partir deste momento, o alumno ou alumna disporá dun asesoramento personalizado e da axuda dun titor ou titora ao longo de todo o proceso de aprendizaxe.

Rematada a formación, a empresa terá que aboar a factura polo custo da formación, cantidade que logo será bonificada. Habitualmente, na seguinte cotización logo da finalización do curso, o prezo do mesmo é deducido do pagamento á Seguridade Social. Por exemplo: se un curso custase 600 €, a empresa pagaría o prezo do curso, e inmediatamente descontaría esa cantidade do importe a aboar en concepto de cotizacións á Seguridade Social. Deste xeito, a formación resulta subvencionada e gratuíta ao 100% tanto para a persoa traballadora como para a empresa.

Ao longo de todo este proceso, desde **Tagen Ata** encargámonos a custe cero de xestionar toda a documentación necesaria e de realizar os trámites precisos para unha axeitada bonificación.

MODALIDADES DE IMPARTICIÓN E CUSTO DAS ACCIÓNS FORMATIVAS

As accións formativas poden ser impartidas en diferentes modalidades: presencial, teleformación e mixta. No caso de **Tagen Ata**, todos os cursos do noso catálogo se imparten baixo a modalidade de **teleformación**, especialidade na que somos expertos desde o ano 2009.

O **custo das accións formativas por persoa e hora** vén recollido na seguinte táboa.

MODALIDADE DE IMPARTICIÓN	CUSTOS DA FORMACIÓN (persoa/h)	
	BÁSICA	SUPERIOR
Presencial	9 €	13 €
Teleformación	7,5 €	
Mixta	Aplicarase o módulo correspondente en función das horas formativas de cada modalidade.	

A duración das accións formativas non poderá ser inferior a 2 horas lectivas e a participación da persoa traballadora non poderá superar as 8 horas diarias. Ademais, os cursos presenciais contarán cun máximo de 25 persoas participantes e os cursos de teleformación cun máximo de 80 participantes por persoa titora.

OS NÓSOS SERVIZOS COMO ENTIDADE EXTERNA E ESPECIALIZADA

QUEN SOMOS?

Tagen Ata é unha **empresa especializada en teleformación** que ten entre as súas actividades a planificación, xestión e impartición de actividades de formación para as empresas nas súas diferentes modalidades.

Como centro asociado a CECAP (Confederación Española de Empresas de Formación), estamos tamén recoñecidos pola Fundación Estatal para a Formación no Emprego (FEFE) como Entidade Externa **inscrita e acreditada** para a xestión e impartición da formación programada polas empresas.

Contamos con persoal con **ampla experiencia** na xestión deste tipo de formación, facilitando e adaptando o proceso formativo ás necesidades específicas das empresas.

AS NOSAS FUNCÍONS COMO ENTIDADE EXTERNA ESPECIALIZADA

Estamos especializados na xestión e impartición da formación bonificada para empresas, podendo asistirlle na obtención do seu crédito e axudarlle na execución do seu plan de formación. Como entidades organizadoras somos responsables, entre outras, de:

- Realizar as comunicacións de inicio e finalización da formación.
- Xerar, tramitar e custodiar a documentación relacionada coa organización, xestión e impartición das accións formativas nas que intervimos como entidade organizadora.

OS NOSOS SERVIZOS

Os servizos que lle podemos prestar en relación coa formación programada polas empresas son os seguintes:

- O **asesoramento** sobre o sistema de bonificacións e o **cálculo do crédito formativo** da súa empresa.
- A **planificación** das accións formativas a realizar e a programación do calendario de impartición.
- A **impartición** da formación.
- A **xestión** de todo o proceso de bonificación: manexo da aplicación telemática da FEFE, alta das accións formativas, comunicacións de inicio e final das accións formativas, comunicación á Representación Legal dos Traballadores (RLT), seguimento e control de todo o proceso formativo, avaliación da formación, expedición dos diplomas e certificados acreditativos, etc.
- A **práctica da bonificación**: xestión para aplicación da bonificación na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Prestámoslle un **servizo integral** para a xestión do seu crédito, de xeito que a súa empresa só se teña que preocupar de seleccionar a formación máis axeitada para as necesidades da organización e das súas persoas traballadoras.